

NÚMERO 8/16

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE XUÑO DE 2016.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día trinta de xuño de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. Ariadna Rodríguez Teijeiro, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares, D. Miguel Tenreiro Bouza e D. Marcos Villar López, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Non asiste, escusando a súa ausencia, o concelleiro D. Ernesto Anido Varela.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédeuse ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación de actas de sesións anteriores (3/2016, do 17 de marzo; 4/2016, do 31 de marzo e 5/2016, do 21 de abril).-

Apróbanse por unanimidade as actas das sesións 3/2016, do 17 de marzo; 4/2016, do 31 de marzo e 5/2016, do 21 de abril, tras informar o sr. Secretario da corrección de oficio dun erro na páxina 1 da acta 4/2016 consistente en dicir "Cascos" en vez de "Casco".-

2º.- Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2016.-

O sr. Alcalde introduce o ditame da Comisión Xeral sobre o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2016, dicindo que ascende a unha contía de 156.000 euros, que correrán a cargo do orzamento de 2016 para o pago de diferentes facturas de todo o ano e por diferentes causas, segundo consta na relación de facturas obrante no expediente.-

Maniféstanse a favor os voceiros dos grupos, dicindo o sr. López Mallo que este expediente se refire a créditos que na súa maioría son do ano 2015 e que na súa opinión debería ter sido sometido ao Pleno con anterioridade, aínda así o seu grupo votará a favor, todo o que sexa reducir o período de pago a provedores está ben; pide desculpas aos provedores que se viran afectados por este atraso.-

O sr. Alcalde quere facer un pequeno resumo do asunto e di que do importe total de 156.000 euros, a contía máis importante son 50.000 euros de achega ao Consorcio das Mariñas, que non estaban orzamentadas porque o orzamento estaba prorrogado dende o 2015 e o vamos a asumir agora, outros 17.000 euros son de gastos de avogado, case 2.000 en gastos de procuradores e sobre temas xudiciais e o resto das facturas son a metade do primeiro semestre e as demais do segundo, hai por tanto corresponsabilidade, e moitas veces non se pode deixar de prestar servizos como por exemplo o arranxo dun bombeo de saneamento porque non haxa crédito..-

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

Apróbanse os gastos incluídos no expediente de recoñecemento extraxudicial 1/2016 polo que se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe global de 156.484,38.- euros.-

3º.- Expediente de modificación de créditos nº 12/2016 na modalidade de concesión de crédito extraordinario (1/2016).-

Dada conta do ditame favorable emitido pola Comisión Xeral sobre a proposta de modificación de créditos nº 12/2016 na modalidade de concesión de crédito extraordinario (1/2016) para inclusión no orzamento vixente dos fondos relativos á participación municipal no PAI 2016 aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña en sesión realizada o 27-5-2016, acórdase por unanimidade:

1º.- Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo a operación de préstamo concedida pola Deputación Provincial dentro do PAI 2016, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións e conceptos que se detallan a continuación por un importe global de 150.000.- euros segundo o seguinte detalle:

Estado de gastos:

Aplicación.- Denominación.- Importe (euros)
132.62400.- Policía local. Elementos de transporte.- 30000.-
135.62400.- SEM. Elementos de transporte.- 30000.-
9201.62300.- Servizos. Maquinaria.- 30000.-
9201.62400.- Servizos. Elementos de transporte.- 60000.-

Total.- 150000.-

Estado de ingresos:

Concepto.- Denominación.- Importe

91100.- Préstamos recibidos a L/P entes sector público.- 150000.-

Total.- - 150000.-

2º.- Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ao público durante 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes.-

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, se considerará definitivamente aprobado, debendo publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.-

4º.- Modificación da Relación de Postos de Traballo 2/2016.-

Visto que durante o período de exposición ao público do acordo plenario de 28-4-2016 sobre modificación da Relación de Postos de Traballo, no Boletín Oficial da Provincia nº 89, de 11-5-2016, que rematou o 4-6-2016, foi presentado por D. Juan Esteban Méndez Leiva escrito de suxestións, que tivo entrada materialmente no Rexistro municipal en data 8-6-2016 co número 4.567, no que se opón a dita modificación por considerar que non foi sometida a negociación coa representación dos traballadores, e que a mesma non pode aprobarse ata que se estime un recurso respecto do posto de coordinador presentado por el mesmo no ano 2013. Visto o informe obrante no expediente, considerando que as afirmacións do alegante non obedecen á realidade; de conformidade co ditame da Comisión e tras anunciar o sr. López Mallo o voto en contra do seu grupo, acórdase por maioría, con seis votos en contra e dez a favor:

1º.- Desestimar as suxestións presentadas por D. Juan Esteban Méndez Leiva durante o período de información pública da modificación nº 2/2016 da Relación de Postos de Traballo aprobada inicialmente por acordo plenario de 28-4-2016, por non ser certas as deficiencias que nelas se invoca, segundo queda acreditado no expediente.-

2º.- Aprobar definitivamente a segunda modificación do ano 2016 da Relación de postos de traballo do Concello, segundo o texto que figura no expediente, consistente na eliminación do posto código 030003 denominado “coordinador xeral de Gabinete de Alcaldía”, ao considerarse de carácter innecesario e xa estar a praza eliminada do Cadro de Persoal.-

3º.- Publicar integramente a modificación da Relación de postos de traballo do Concello no Boletín Oficial da Provincia e remitir copia dela aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.-

5º.- Prórroga do contrato de concesión do servizo público da Escola Infantil Municipal Flora Ramos “Florita”.-

A sra. Reimundez expón a proposta contida no ditame da Comisión Xeral sobre a autorización dunha segunda prórroga do contrato da concesión do servizo público da Escola Infantil Municipal Flora Ramos “Florita” adjudicado en 2006 cunha duración de oito anos á empresa CANTALARRANA S. COOP. GALEGA, co CIF F15553712, e prorrogado por acordo plenario de 27-11-2014 ata 31-7-2016, dicindo que avala a prórroga a boa xestión da empresa e a conveniencia de dito período para estudar e resolver sobre o futuro da xestión da escola infantil, dado que a Alcaldía xa iniciou os trámites para integrala na rede autonómica “A Galiña Azul”, porque esa é a intención deste goberno sempre que as condicións ofrecidas pola Xunta sexan aceptables, ao entender que a mais adecuada xestión do servizo pasa pola colaboración institucional entre as dúas administracións.-

O grupo PDSP maniféstase a favor do ditame.-

A sra. Bolaño tamén considera que a prórroga do contrato dá marxe para que o concello teña tempo de valorar as diferentes opcións e a posible asunción pola Xunta da xestión da escola infantil municipal, pois o seu grupo levaba no programa electoral a unificación de servizos pois cando hai diferentes sistemas de xestión prodúcese desigualdade de trato aos usuarios, que deben ter todos os mesmos dereitos e os mesmos deberes; incluso a Xunta debe valorar se estes servizos deben corresponder á consellería de benestar social ou á de educación e ordenación universitaria e que haxa un sistema educativo integrado dende que os nenos nacen ata que rematan a súa etapa escolar obrigatoria, como reclaman os profesionais da educación.-

A sra. Salorio di que no ano 2014 o seu grupo era favorable á prórroga polo prazo máximo de catro anos solicitada pola empresa concesionaria, pero finalmente aprobouse unha prórroga de dezaioito meses. Sinala o crecemento experimentado polo servizo desde que se fixo cargo do mesmo a actual

concesionaria e a boa disposición e colaboración co Concello por parte desta para adaptar o servizo aos cambios na educación infantil fixados pola administración educativa, así como a calidade e variedade dos seus servizos, polo que o seu grupo está a favor de aprobar a prórroga igual que a apoiarían se fora polo total do prazo restante previsto no prego do contrato. Lembra que está pendente a aprobación dun novo regulamento da escola infantil, xa que a Secretaría informara sobre o presentado no seu día que era tal o volume de modificacións para actualizalo e adaptalo ás novas necesidades que se facía necesario redactar un novo texto, polo que roga que se retome esta xestión.-

A sra. Reimundez di que este goberno, que leva un ano, non trouxo a aprobación ese regulamento, pero tampouco o fixo o anterior goberno en catro anos, e pensa que non é o momento de facelo cando se está pensando nun cambio da forma de xestión.-

A sra. Bolaño di que é verdade que a xente está contenta co servizo, as familias están contentas en xeral cos dous centros de Educación infantil do concello, pero moitas das prestacións destes servizos veñen determinadas pola propia normativa; non se pode falar propiamente de colaboración da concesionaria co Concello, trátase dun servizo municipal, o Concello é o responsable do mesmo, a través dunha empresa ou da xestión directa. Considera que a asunción deste servizo pola Xunta de Galicia suporía un aforro moi importante para as arcas municipais, que o concello podería dedicar a outros fins educativos, ademais da xa mencionada igualdade de trato para todos os usuarios das escolas infantís do municipio.-

A sra. Salorio di, sen ánimo de desprezar o servizo da outra escola, que cando foi concelleira delegada escoitou moitas opinións favorables dos usuarios da escola Flora Ramos; ao falar de colaboración da concesionaria quixo remarcar a actitude de boa disposición desta; está ben aforrar, pero dentro do que cabe. En relación co regulamento, o goberno anterior quixo sometelo a aprobación en dúas ocasións, a primeira non foi posible porque faltaba documentación, na segunda o Secretario municipal recomendou plantexalo coma un texto novo debido ao elevado número de modificacións que contiña, isto foi nos últimos meses do mandato, sen tempo para facer un novo, pero o borrador está aí para realizar a redacción dun novo texto.-

A sra. Reimundez di que é preciso adaptar o regulamento ás novas necesidades; a súa intención é que se non se inclúe a escola dentro da rede da Galiña Azul se modifique dita norma para que sexa o máis xusta posible e beneficie aos usuarios.-

Sometido a votación o asunto, acórdase por unanimidade:

Autorizar a prórroga polo período que remata o 31 de xullo de 2017, do contrato de concesión do servizo público da Escola Infantil Municipal Flora Ramos "Florita", do que é adxudicataria a empresa CANTALARRANA S. COOP. GALEGA, con NIF F15553712, de conformidade co disposto na cláusula 10º do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación.-

Control de Órganos de Goberno:

6º.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 23-5-2016 a 22-6-2016.-
- O sr. Montouto presenta ao Pleno un informe en relación coa entidade O Meu Lar, S.L. e unha noticia que sobre a mesma saiu na prensa, dicindo que o 21-10-2005 outorgouse licenza municipal para construír na finca da propiedade da entidade, O Meu Lar SL, composta de dúas parcelas separadas por unha zona verde pública, dous edificios denominados Bloque 1 situado na Avda. Sada e seus contornos núm. 3 destinados a 20 vivendas, garaxes e rochos; e Bloque 2 lindante no camiño do Fiunchedo destinado a 38 vivendas, garaxes e rochos; licenza posteriormente anulada polo Xulgado do Contencioso nº 3 en sentenza do 26-7-2013, logo confirmada no TSXG na sentenza do 13-11-2014, que impoñía dúas ordes, en primeiro lugar demoler as obras erixidas ao amparo da licenza anulada e en segundo lugar incoar un expediente sancionador á promotora "O Meu Lar S.L.". Durante eses anos 2013, 2014 e parte de 2015 non se fixo nada disto.-

En paralelo a estas actuacións, solicitou a promotora a licenza de primeira ocupación, que o Concello denegou por silencio administrativo, se ben o promotor recorreu esta resolución e obtivo dita licenza de primeira ocupación en virtude de sentenza de data de 7-2-2013 do Contencioso 3. Pero esta decisión non se recorreu por parte do goberno municipal do sr. Anido, que tampouco suscitou ningún expediente sancionador nin executivo a demolición das edificacións.-

Vendo a inactividade do concello o denunciante interpuxo un incidente de execución forzosa da sentenza que anulaba a licenza de obras, do cal resultou o auto do Contencioso 3 que estes días se cita na prensa e que obriga ao concello a que se inicie, se tramite e se resolva o procedemento sancionador e por outra parte, a máis grave e que se considera desproporcionada por parte do xulgado, o depósito como

garantía dunha cantidade equivalente ao duplo do orzamento de execución das obras, é dicir, en torno, a 4 millóns de euros.-

Este goberno municipal incoou o expediente sancionador antes de que se ditase este auto, pero o xulgado por un erro administrativo non tiña coñecemento de tal actuación. De feito, o 22 de xuño o xulgado dita unha providencia na que da por cumprida a primeira parte de execución da sentenza, non así a segunda que se dirimirá no recurso de reposición que presentou o concello baseado nos seguintes argumentos:

1.- Desproporcionada e exclusiva imputación de responsabilidade atribuída ao Concello, cando o propio auto expresamente reconece literalmente que MEU LAR S.L. presentou un "proxecto anómalo" incumprindo parámetros de edificabilidade co fin de obter un maior aproveitamento lucrativo. Anomalía que consistía entre outras nunha modificación dun plano da zona que non coincidía co plano cartográfico, é dicir, unha alteración en toda regra dun plano e así o dixo o perito xudicial no seu día.-

2.- A presunción legal e xurisprudencial de solvencia da Administración local. Ademais a desproporcionada cantidade a depositar debería vir xustificada nun previo expediente de responsabilidade patrimonial.-

Pero foron máis as actuacións practicadas para demoler as obras, que se minimizan no auto do Xulgado: mediante decreto de 25-11-2015 ordenouse inscribir a resolución no Rexistro da propiedade; mediante escrito de data 7-1-2016 púxose en coñecemento do xulgado que previo á demolición tiñase que tramitar un expediente de responsabilidade para coñecer o alcance das garantías que habería que esixir á promotora e as medidas de protección dos terceiros adquirentes de boa fe; mediante escrito de 15-2-2016 se aportou ao xulgado o informe do Alcalde de data 11-2-2016 no que se dicía que a Licenza de primeira ocupación establecía a condición de informar por parte das promotoras aos terceiros adquirentes dos procedementos xudiciais en curso; mediante escrito do 29-4-2016 aportamos ao xulgado información relativa á venda de vivendas na que nos constaba que non se advertía que se informaba aos compradores sobre a existencia de procedementos xudiciais, tamén isto mesmo púxose en coñecemento da Consellería de Vivenda aos efectos oportunos. Ademais tamén se suspendeu por resolución da Alcaldía de 20-4-2016 o proxecto presentado pola comunidade de propietarios do bloque 1 para legalizar este edificio, en base a que o proxecto só se presentaba ao respecto dun dos edificios e xa que ambos están ubicados na mesma parcela urbanística, para poder legalizar antes hai que obter unha licenza para parcelar a superficie e que os edificios quedan independentes o un do outro. Asemade estes días se notificou aos propietarios do bloque 2 toda a información relativa, para os efectos que eles estimen oportunos como pode ser as posibles resolucións dos contratos de compra venta.

Todo o anterior demostra unha postura activa por parte do goberno municipal, e se o xulgado censura inacción por parte do Concello esa inacción é consecuencia da anterior e nefasta etapa de goberno en canto ao urbanismo. Este goberno municipal defende a legalidade urbanística no Concello de Sada e non protexe a ninguén, quen teña que pagar que pague e responda, pero os argumentos que se empregan hoxe na nota de prensa que enviou o PP non son válidos, e se remite á contestación que consta na acta nº15/2015 respecto dunha moción relativa á licenza outorgada á promotora Frainde en Pazos.-

7º.1.-Moción sobre o transporte no entorno metropolitano de A Coruña.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico o sr. Montouto presenta unha moción en representación do goberno municipal con relación ao transporte no entorno metropolitano de A Coruña, xustificando a súa urxencia en que de todos é coñecido o grave problema de mobilidade na área metropolitana da Coruña, os concellos da área xunto coa Xunta de Galicia deben ser parte da solución, e hai que potenciar o transporte público traballando conxuntamente coa Xunta ante a inminencia do remate das concesións do transporte público.-

Acto seguido o sr. Alcalde somete a votación a declaración de urxencia da moción, que é estimada por unanimidade, procedendo o sr. Montouto a dar lectura da moción.-

Aberto o debate, o sr. Suárez di que o seu grupo subscribe por enteiro a moción, é un tema que está agora mesmo enriba da mesa de todos os concellos que forman parte do Consorcio das Mariñas e tamén do concello da Coruña, gobernados por partidos de todas as cores políticas, incluída o PP. A obriga da Corporación é garantir que os habitantes de Sada teñan servizos de calidade, hai que dar a posibilidade de chegar nun tempo razoable e cuns transportes dignos ao centro da Coruña ou aos polígonos do entorno; pide ao resto dos membros da Corporación que teñan altura de miras e aproben esta moción por unanimidade como están facendo os seus compañeiros noutras corporacións e noutros ámbitos.-

A sra. Bolaño considera que a fórmula para mellorar o transporte interurbano é a colaboración entre os concellos e coa administración autonómica, o diálogo é importante sempre pero no tema da

movilidade na área metropolitana é fundamental porque o traxecto non remata onde remata o territorio do municipio, continúa por outros territorios.-

O sr. López Mallo considera que se trata dunha moción importante coa que o seu grupo coincide en gran parte, pero hai algunhas cuestións a engadir, como o feito de que a Xunta grazas á súa boa xestión económica está implantando medidas de carácter social, como a gratuidade do transporte interurbano para menores de 18 anos, medida que non só repercute no aforro das familias, senón que fomenta o uso do transporte colectivo; desde outra perspectiva, entende que o fondo desta moción é que os concellos sexan escoitados pola administración que ostenta a competencia do transporte interurbano e poidan plantexar cuestións que lles afecten de forma global, pero os concellos só teñen competencia no transporte urbano, e deben implementarse medidas que xa está adoptando a Xunta no ámbito da súa competencia; entende que se trata dun tema global no que os concellos deben ser escoitados para que todos os cidadáns da área metropolitana teñan un servizo de calidade, e por tanto o seu voto vai ser favorable.-

O sr. Alcalde pensa que ademais da participación dos concellos hai que ir mais alá, menciona o caso dunha recollida de sinaturas de dúas asociacións de veciños de Veigue e Carnoedo pola situación das concesións entre Arillo e Perillo e a carta que ao respecto enviou á Directora Xeral de mobilidade queixándose da decisión unilateral de presentar un plan de transporte sen falar cos concellos implicados; pide a participación dos concellos e sobre todo participación dos potenciais usuarios, para que a xente colla o transporte colectivo hai que adaptar as liñas de transporte ás súas necesidades.-

Efectuada a votación resulta aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Demandar da Xunta de Galicia que facilite a participación dos Concellos do entorno metropolitano de A Coruña na elaboración dos traballos previos para a adxudicación das novas concesións de transporte público interurbano regular de persoas por estrada de uso xeral -unha vez vencido o prazo dos correspondentes títulos contractuais- a fin de integrar as propostas sobre mobilidade urbana que os respectivos Concellos están elaborando para satisfacer as demandas da poboación, cunha visión claramente metropolitana.-

2º.- Que ao efecto se cree unha comisión de seguimento para garantir a participación dos municipios e a coordinación entre a elaboración de pregos de condicións das novas concesións cos traballos que sobre mobilidade urbana formulen os Concellos.-

7º.2.-Moción de apoio expreso á Plataforma de vítimas do Alvia 04155.-

O sr. Montouto introduce a moción de apoio expreso á Plataforma de vítimas do tren Alvia 04155 agradecendo a presenza dos representantes de dita plataforma e manifestándolles a solidariedade da Corporación; a continuación xustifica a urxencia da moción dicindo que a plataforma de vítimas do Alvia 04155 leva loitando por esclarecer as circunstancias nas que se produxo o desgraciado accidente do tren e que é necesario apoiar ás vítimas, sobre todo habendo entre elas veciños de Sada. Quere engadir un quinto punto no acordo que sería Instar á Unión Europea a que faga público o informe do accidente.-

Declarada urxente a moción por unanimidade dos asistentes, o sr. Montouto dá lectura á moción e a continuación ábrese debate.-

O sr. Suárez di que se está falando aquí de 81 persoas que perderon a vida e de 145 persoas que resultaron feridas neste accidente, pero tamén da xente que foi presentar as súas inxedanzas ao Parlamento de Santiago de Compostela, ao Parlamento de Madrid e ao Parlamento de Bruselas, atopando nos dous primeiros ao PP querendo escurecer e tapar, mentres que a Comisión europea si que decidiu por iniciativa propia investigar o accidente, contradicindo ao Goberno español. Pide ao PP que se sume a esta moción en Sada para sacar aquí un acordo por unanimidade, unha declaración institucional na que toda a corporación de Sada se comprometa a defender ás vítimas do Alvia 04155, como xa fixo o PP na corporación de Cambre.-

O sr. Rodríguez Ares manifesta que o PDSP se adhire á moción e lamenta profundamente que persista aínda esta situación.-

A sra. Bolaño súmase tamén á moción, afirmando que se ela se vira nesa situación tamén quereda esclarecer todo ata o final, ter respostas e ter o apoio das institucións.-

O sr. López Mallo quere ante todo manifestar a solidariedade do seu grupo coas vítimas e os seus familiares; di que son precisas algunhas aclaracións sobre o contido da moción, e afirma que a lexislación española actual determina que as competencias exclusivas para investigar os accidentes ferroviarios corresponden á CIAF, e que este organismo emitiu no seu día informe no que establece como causa do accidente a velocidade coa que se tomou a curva, fai mención tamén a unha falta de

atención por parte do maquinista e recomenda algunhas actuacións para mellorar a seguridade ferroviaria. Na vía xudicial penal, foron desestimados os recursos contra a decisión do xiz de rematar a instrución. En canto a seguridade, a raíz deste desgraciado accidente de Angrois, instalouse un novo tipo de sinalización e o Ministerio de Fomento tomou as medidas oportunas para implementar o sistema europeo RMTS. Por todo isto, o PP de Sada está conforme co punto dous da proposta de acordo, pero se se mantén na proposta o engadido do punto 5 que acaba de facer o goberno de Sadamaioría, abstéranse.-

Prodúcese unha alteración da orde por parte dalgúns asistentes e o sr. Alcalde pide silencio.-

O sr. Montouto cre que os afectados necesitan o apoio expreso de representantes políticos, e manterán exactamente o acordo que propuxeron. O sr. Alcalde di que a Corporación intentará estar á altura dos afectados.-

Efectuada a votación, queda aprobado por dez votos a favor e seis abstencións o seguinte acordo:

1º.- Apoio expreso desta Corporación á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155.-

2º.- Que o Concello de Sada reciba á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155, para coñecer as súas demandas e reivindicacións.-

3º.- Solicitar dos grupos políticos que conforman o Parlamento de Galicia a constitución dunha comisión de investigación coa finalidade de poder establecer e depurar, no seu caso, as posíbeis responsabilidades políticas.-

4º.- Solicitar aos grupos políticos que conformen o Congreso dos Deputados a partir das eleccións do pasado día 26 de xuño a constitución dunha comisión de expertos e técnicos independentes para a investigación dos feitos ocorridos e a constitución dunha comisión de investigación coa finalidade de poder establecer e depurar, no seu caso, as posíbeis responsabilidades políticas.-

5º.- Instar á Unión Europea a que faga público o informe que elaborou sobre o accidente do Alvia.-

7º.3.-Moción relativa á eliminación da peaxe na AG-55.-

O sr. Suárez expón a moción relativa á eliminación da peaxe na AG-55, xustificando a súa urxencia na presión social manifestada en varios concellos de toda a Costa da Morte, da área metropolitana da Coruña e no propio concello de Sada tendente a conseguir a supresión da peaxe da citada autopista por motivos obxectivos que explicará a continuación. É aprobada a declaración de urxencia por unanimidade e o sr. Suárez dá lectura á moción, dicindo que esta é unha reivindicación de hai máis de 20 anos, que a construción desta infraestrutura era inicialmente a creación dunha autovía, que o sr. Cuiña sendo conselleiro comprometeuse publicamente a que nunca esta autovía ía ser de pago; que xa no ano 1994 os veciños se mobilizaron contra a implantación da peaxe polo goberno galego, organizando caravanas de automóbiles, concentracións, iniciativas parlamentarias, recollida de sinaturas, etc., pero en 1995 a Xunta consumou o espolio entregándolle á empresa ENASA, de forma que a autovía que nacera como alternativa as dúas estradas comarcais que existían AC-415 e AC-552 para absorber o tráfico de xeito gratuito para os seus usuarios, quedouse nunha simple mentira, porque se fixo vía de pago. E a pesar das continuas peticións de rescate da concesión, a Xunta en 2005 renova a concesión a AUDASA ata o ano 2045. A creación do Porto Exterior trae consigo a construción do vial de acceso AC-15 que enlaza coa AG-55 na peaxe de Pastoriza e o proxecto que contemplaba que o tránsito portuario non estaría suxeito a peaxe volve a sufrir o mesmo trato que a AG-55, é dicir, pagar peaxe para acceder a esta infraestrutura do porto. O 7 de xuño o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia asinan un convenio no que non hai eliminación da peaxe para o conxunto de usuarios e usuarias de AG-55 pero faise unha excepción co tránsito portuario e o Ministerio pagará a AUDASA polos meses que restan de 2016, 30.000 euros modificables en función do número de movementos. Por estas razóns o goberno municipal propón ao Pleno a aprobación desta moción.-

O sr. López Mallo di que o sr. Suárez e o resto do goberno municipal son perfectamente conscientes de que esta mesma moción ffoiue debatida onte no Pleno da Deputación da Coruña, e coñecen a posición do PP ao respecto, consistente na idea de crear unha mesa interadministrativa para unha análise global de todas as infraestruturas para o acceso ao porto, potenciar a mobilidade entre A Coruña e a zona de Fisterra, incluíndo nese plan unha autovía libre de peaxe entre Carballo e Baio, melloras nas bonificacións e os descontos actuais para todos os usuarios da AG-55 e rexeitar rotundamente a imposición de futuros peaxes. Esta é a posición do seu grupo, que traslada hoxe ao Pleno do Concello.-

O sr. Suarez di que segundo a Voz de Galicia de onte, o PP rexeita a eliminación da peaxe da AG-55 na Deputación, e que o alcalde de Arteixo vota en contra porque se mestura a posibilidade de que Fomento suprima o pago polo acceso a Langosteira coa demanda de facelo ata Carballo.-

O sr. Presidente dá por rematado o debate e somete o asunto a votación, aprobándose por dez votos a favor e seis en contra o seguinte acordo:

1º.- Rexeitar o convenio asinado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento que mantén a peaxe na AG-55 para o conxunto da poboación e que crea, ao mesmo tempo, unha peaxe na sombra pagada con cartos públicos para o tránsito portuario.-

2º.- Rexeitar a imposición de futuras peaxes como consecuencia da futura construción de enlaces co vial AC-15 de acceso ao Porto de Punta Lagosteira en Arteixo.-

3º.- Solicitar á Xunta de Galicia a eliminación total da peaxe da AG-55 para o conxunto da poboación.-

4º.- Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.-

8º.- Rogos e preguntas.-

A sra. García Freire reitera o rogo relativo á publicación na páxina web do concello do proxecto aprobado do carril bici, para que unha vez exposto ao público calquera cidadán poida alegar ao respecto. O sr. Alcalde informa de que tal proxecto xa está na web desde o día seguinte ao do Pleno e ademais está no perfil do contratante.-

O sr. Tellado, con motivo da publicación na prensa da sinatura do convenio entre a Xunta e o Concello de Sada para a ocupación de vivendas baleiras, di que antes desa sinatura hai un traballo previo do concello que o sr. Alcalde debe coñecer como activista, e pregunta se foi constituída a mesa de seguimento e se elaborou unha bolsa de vivendas e se isto se enviou ao Instituto galego de vivenda e solo como paso primeiro para a sinatura do futuro convenio. O sr. Alcalde responde que o convenio asinouse o día 5, a orde do convenio marco da FEGAMP di exactamente asinar o convenio, constitución da mesa e realizar o traballo. De todas formas, si que o concello está facendo un traballo previo de captación de forma extraoficial porque en realidade o convenio da FEGAMP establece que é primeiro a sinatura do convenio e despois constitución da mesa interadministrativa.-

O sr. López Mallo pregunta se, agora que é posible escoitar os plenos do concello, vai ser posible que os cidadáns de Sada poidan velos ademais na web municipal, informando o sr. Alcalde que se estuda a implantación dun sistema de videoacta que é un pouco máis caro da previsión inicial para que teñan tamén unha validez legal, e ao telo no orzamento estase tardando máis por iso, pero proximamente contratarase.-

Non habendo outros asuntos que tratar o sr. Alcalde levanta a sesión ás vinte e unha horas e vinte e oito minutos do día ao comezo indicado, e dela esténdese esta acta. Do cal eu, o Secretario, dou fe.-